

## Luz na luz

Armando Requeixo

### **DAS VIAXES MAIÚSCULAS**

DOMINGO TABUYO

Edicións Carena, 2020

12 euros

Un dos privilexios que concede o desempeño como membro habitual de xurados é a posibilidade de ler, en primicia, valiosos orixinais que logo se converterán en libros. Así me aconteceu a min con *Das viaxes maiúsculas*, o poemario co que o escritor e profesor Domingo Tabuyo se fixo co Premio Camiño de Santiago, instituído pola Academia Xacobeá, publicado pola Editorial Carena e patrocinado pola SXPL.

Como autor, Domingo Tabuyo conta xa cunha ampla traxectoria que inclúe títulos como *Manual de urxencias e retornos* (1993), *Balsaín Blues* (1998), *Nos tempos de invernía* (1999), *A luz secreta* (2002), *Cadernos de París* (2010) ou *A sombra horizontal do teu nome* (2018), textos polos que ten recibido galardóns tan prestixiosos como o Premio Miguel González Garcés, o Premio do Concello de Ourense ou o Premio Avelina Valladares, entre outros.

*Das viaxes maiúsculas* é un poemario estruturado en dúas grandes seccións: "A lene suxestión" e mais "Rituais de tránsito". Cada unha delas conta cunha vintena de textos e todo o conxunto xira arredor dunha mesma idea forza: a vida como camiño. Neste sentido, hai unha duplicidade de base que alimenta os versos, pois sendo notoria a recreación da andaina do vieiro físico, aquí concretado en clave xacobeá co camiño de Santiago como protagonista, a esencia última destas páxinas radica na viaxe interior, na experiencia que supón ir atravesando etapas do vivir como quen anda unha vía interior de medre persoal, adquirindo sabedoría e perspectiva fundada e crítica das cousas e das xentes.

Por tanto, os poemas deste libro recuncan no *topos* ben coñecido do *homo viator*, tema literario que está na base mesma da cultura occidental desde Homero e que logo constitúe a cerna da escrita doutros grandes como Virxilio, Dante ou Cervantes. Porque nestes textos importan a paisaxe e os lugares (figuran citados espazos do Camiño como Compostela, Fisterra e diversas localidades leonesas e castelás), mais, sobre todo, salienta a vivencia íntima e transformadora da peregrinaxe, as reflexións sobre os límites e os procesos de superación humanos, a fronteira da morte, os ritos de paso e, presidíndoo todo, a presenza do amor e dunha concepción transcendente da existencia por momentos case panteísta.

De por parte, é notorio en Tabuyo o dominio da imaxinería poética, briza desbordante e tamén o tempero no emprego do hendecasilabo branco e o verso libérrimo, acomodado da forma ao servizo do fondo para crear unha harmonía entre a mensaxe e a súa ornatúra, labrado fino e música versal.

Nestes e noutros aspectos incide tamén o informado proemio asinado polo poeta e ensaísta Emilio Xosé Insua, quen dá conta das febras do poemario ao tempo que o contextualiza coa restante obra do autor e da súa xeración.

Como di un dos poemas deste libro, vivir é "trazar sendeiros novos/ esgotar as horas amasando os esforzos,/ os pensamentos altos e as dores musculares". E tamén, xaora, "tropezar, lairse en berro amplo e levantarse". Máis aínda: "sentirse luz na luz, estrela na constelación,/ pedra nas pedras de cada amilladoiro", pois, á fin, "camiñan en nós milleiros de viaxeiros/ de convicción e derrota, de alba a ocaso,/ na silueta vertical das reflexións máis íntimas". Xustamente, aí, no cruzamento de coordenadas e abscisas da existencia, luz que na luz é, palpita a viaxe maiúscula destes versos.